

Bos Aires, 29-6o-1961.

Siñor Don
Valentín Paz Andrade.
Policarpo Sanz, 22
Vigo GALICIA.

Carpete Costello

Estimado amigo Valentín:

Fai moitísimo tempo que non sei nada de vostedes, extranándome aínda máis non ter recibido a súa acostumbrada lembranza na data-endaxamáis inesquecida-do triste 7 de Xaneiro... Penso que seu silencio deberase as múltiples ocupacións que pesan sobor de vostede, ~~ex~~ sendo esta a razón, é o mellor que lles podo desexar. Pronto, xa, recibiremos eiquí a grata visita do noso común amigo Sebastián Risco, quén, como saberá, terá a seu cargo a grande tarefa das xornadas gallegas de iste ano 1.961. Fai pouco tempo, tiven carta de íl. Desexando aproveitar tan boa oportunidade (que non sempre se presenta) prégoille por favor amigo Valentín, que con tempo precure arranxar o resto dos cartos que teño na miña conta corrente no Banco, mandándome por Sebastián ísa cantidade de que preciso moito para equilibrar o presuposto dos gastos, cada vez máis escandalosamente altos. N-estes días, retomou outra volta, encarecendo todo novamente, dende os transportes e franqueos contribucións etc etc, ate o "perixel" que sempre se regalou por feixes e agora se vende por peso.../ Sinto en verdade ocasionarlle a vostede unha molestia máis, pero...teña paciencia amigo Valentín. Como denantes de informar a Risco sobor do particular, preciso saber de vostede si o choio estará resolto na data en que íl dispoña seu viaxe, prégoille encarecidamente que me escriba unhas breves liñas, que confirmen meus desexos. Gracias. Como por eiquí non hai nada novo ni diño de sere comentado, despídese hasta

outra volta, con unha cordial e garimosa aperta para os tres, esta lonxana
amiga que os lembra moito

Virginia

c. 25/7/51